

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

EXTRACTO da Resolución do 31 de agosto de 2020 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES II), anualidade 2020 (códigos de procedemento IN421Q e IN421R).

BDNS (Identif): 522699.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas:

Tipo actuación	Beneficiarias
Actuacións 1 e 2	Persoas físicas que desenvolvan actividades económicas. Persoas físicas. Comunidades de propietarios. Persoas xurídicas e outras entidades con ou sen personalidade xurídica, cuxo NIF comece polas letras A, B, C, D, E, F, G, J, R ou W. Entidades locais e sector público institucional de calquera Administración pública.
Actuacións 3 e 4	Persoas físicas que desenvolvan actividades económicas. Persoas xurídicas e outras entidades con ou sen personalidade xurídica, cuxo NIF comece polas letras A, B, C, D, E, F, G, J, R ou W. Entidades locais e sector público institucional de calquera Administración pública.

Segundo. *Finalidade*

1. A presente resolución ten por obxecto a aprobación da convocatoria de axudas correspondentes ás anualidades 2020-2021 para a concesión de axudas ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES II) -IN421Q- Procedemento de adhesión de entidades colaboradoras que participen na xestión da Actuación 1 e na Actuación 2 e -IN421R- Procedemento de presentación de solicitudes.



2. Pola presente convócanse axudas para as seguintes actuacións:

Actuación 1: Adquisición de vehículos de enerxías alternativas.

Actuación 2: Implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos.

Actuación 3: Implantación de sistemas de préstamos de bicicletas eléctricas.

Actuación 4: Implantación de medidas de mobilidade sustentable ao traballo.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Importe*

1. As subvencións previstas nesta convocatoria financiaranse con cargo aos orzamentos do Inega, coa repartición plurianual recollida na seguinte táboa.

O importe total asignado a esta convocatoria ascende a 5.000.000,00 euros.

Importe 2020 (€)	Importe 2021 (€)	Importe 2022 (€)	Importe 2023 (€)	Total (€)
1.500.000,00	1.500.000,00	1.500.000,00	500.000,00	5.000.000,00

O orzamento por partida e anualidade redistribuirase tendo en conta as solicitudes rexistradas conforme o establecido no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, entre as seguintes partidas: 09.A2.733A.703.1, 09.A2.733A.714.1, 09.A2.733A.730, 09.A2.733A.741, 09.A2.733A.762.1, 09.A2.733A.772.1 e 09.A2.733A.782.1.

2. O crédito máximo segundo a tipoloxía de proxecto será o seguinte:

Tipo de actuación		Orzamento total
Actuación 1: Adquisición de vehículos de enerxías alternativas	Actuación 1.1: Vehículos eléctricos	1.760.000,00
	Actuación 1.2: Vehículos GLP ou gas natural	440.000,00
Actuación 2: Implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos		2.000.000,00
Actuación 3: Implantación de sistemas de préstamo de bicicletas eléctricas		200.000,00
Actuación 4: Implantación de medidas de mobilidade sustentable ao traballo		600.000,00
Total		5.000.000,00



O crédito máximo recollido na táboa anterior poderá ser redistribuído se, pasado un mes desde a apertura do prazo de solicitudes nalgunha das epígrafes, non se rexistran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles e noutra das epígrafes existe lista de espera. Esta redistribución, de producirse, respectará en todo caso as porcentaxes establecidas no artigo 12.9 do Real decreto 569/2020 ata que finalice a vixencia da convocatoria. Finalizada esta, poderá redistribuírse o orzamento nos termos recollidos no artigo 12.12 e 12.13 das bases reguladoras.

3. O importe dos fondos previstos entenderase máximo, aínda que cabería a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Isto podería dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación das solicitudes que resulte da aplicación dos criterios fixados nas bases que rexen a convocatoria.

De producirse a ampliación de crédito, publicarase no DOG e na páxina web do Inega (www.inega.gal).

4. A concesión das axudas estará supeditada ao efectivo financiamento por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no marco do plan MOVES II.

5. A contía das axudas para cada unha das actuacións vén establecida no anexo III do Real decreto 569/2020, do 16 de xuño, polo que se regula o Programa de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES II) publicado no BOE núm. 169, do 17 de xuño de 2020.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes de adhesión -IN421Q- e de solicitudes de axuda -IN421R-*

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión das entidades colaboradoras comezará o día hábil seguinte ao da publicación no DOG da presente convocatoria e finalizará cando finalice a vixencia do programa MOVES II en Galicia, o cal sucederá transcorrido un ano desde a publicación no DOG da presente convocatoria. Para solicitar a súa adhesión terán que cubrir e presentar o formulario de adhesión (anexo I).



O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará ás 9.00 horas do día 1 de outubro de 2020 e rematará un ano despois da publicación no DOG da presente convocatoria.

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2020

Ángel Bernardo Tahoces
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

